



ENFEITAMOS O INSTITUTO NO NADAL

Mediante esta actividade queremos contribuir á adquisición de competencias dixitais e da competencia persoal, social e de aprender a aprender, pois trátase dunha actividade na que o alumnado deberá colaborar cos compañeiros e compañeiras de forma construtiva.

OBXECTIVOS:

- Presentar a cortadora láser ao alumnado e despertar a creatividade de cara as posibilidades da máquina.
- Aprender a realizar cortes e gravados sinxelos coa mesma, en distintos materiais.
- Colaborar cos compañeiros e compañeiras nun traballo en equipo.

EXPLICACIÓN DA ACTIVIDADE:

Antes de nada, na aula de capacitación dixital, tras as explicacións da profesora, o alumnado de 3º de ESO matriculado na materia de Proxecto Competencial, buscará en internet enfeites de Nadal e escollerán os mais axeitados para o súa utilización na cortadora láser.

Ao longo da semana os alumnos e as alumnas presenciaron o funcionamento da máquina para realizar os enfeites en diferentes materiais, participando no proceso.

Finalmente, o alumnado, distribuído en equipos, colocará os enfeites nos corredores do instituto.

RECURSOS NECESARIOS:

A aula de capacitación dixital, conexión a internet, a cortadora láser e os materiais necesarios (cartulina, goma eva, fío, ...).